



asociación galega de profesionais
da traducción e da interpretación

PLANIFICACIÓN DE
ACTIVIDADES 2008

ÍNDICE

1 PRESENTACIÓN	2
2 ACTIVIDADES	4
2.1 ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PROFESIÓN	4
2.1.1 VINCULACIÓN COA ATG	4
2.1.2 VINCULACIÓN COA SOCIEDADE GALEGA D E TERMINOLOXÍA (SGaT)	5
2.1.3 VINCULACIÓN CO CONSELLO DA CULTURA DA LINGUA GALEGA.....	6
2.1.4 PRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN ÁS AXENCIAS E INSTITUCIÓN S	7
2.1.5 PRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN E OS ESTÁNDARES ENTRE O ALUMNADO E PROFESORADO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN	8
2.1.6 ESTUDO SOBRE A SITUACIÓN PROFESIONAL	9
2.2 ACTIVIDADES DE APOIO ÁS/AOS ASOCIADAS/OS	10
2.2.1 CURSO DE VOZ PARA INTÉRPRETES	10
2.2.2 CURSO DE DEREITO PARA PREPARAR O EXAME DE TRADUCIÓN/INTERPRETACIÓN XURADA	10
2.2.3 CURSO SOBRE INFORMÁTICA PRODUTIVA PARA PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN	12
2.2.4 CURSO DE TRADUCIÓN XURÍDICA FRANCÉS -ESPAÑOL	14
2.2.5 ORGANIZACIÓN DE CICLOS DE CONFERENCIAS DE INTERESE PARA O COLECTIVO PROFESIONAL QUE REPRESENTA A AGPTI	15
2.2.6 BOLSAS PARA PROFESIONAIS	17
2.2.7 MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB	18
2.2.8 CREACIÓN DUN CORREO DE DENUNCIA	19
2.2.9 LABOR DE MEDIACIÓN PARA FACILITAR AS PRÁCTICA S DO ALUMNADO DE TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN	20
2.2.10 PROPOSTA DE REFORMA DO DECRETO DE HABILITACIÓN DE TRADUTORAS/ES E INTÉRPRETES XURADAS/OS	20
3 CALENDARIO DE ACTIVIDADES	22
4 CONCLUSIÓN S	23
5 ESTIMACIÓN ECONÓMICA PARA O ANO 2008	24
ANEXO I.....	25
ANEXO II	27

1 PRESENTACIÓN

A ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI) nace en Galicia no ano 2001 para dar saída ás necesidades dun colectivo profesional cada vez máis importante na nosa comunidade autónoma. Desde a creación da Facultade de Tradución e Interpretación na Facultade de Vigo, o mercado crecente da tradución e a interpretación conta cun importante número de traballadoras e traballadores preparados que veñen a sumarse a aqueles xa presentes anteriormente.

Ademais, a AGPTI nace cun claro compromiso co idioma galego, que pretende fomentar en todo o mercado da tradución e interpretación en Galicia.

Os obxectivos da asociación son os seguintes:

- a) Contribuír á mellora das condicións laborais das/os tradutoras/es e intérpretes no mercado galego a través da relación con empresas, clientes e institucións implicadas na actividade profesional da tradución e da interpretación.
- b) Promover a lingua galega no mercado da tradución e da interpretación en todos os sectores económicos galegos.
- c) Proporcionarlles ás/aos profesionais da tradución e da interpretación posibilidades de formación continuada non formal.
- d) Crear un centro de recursos materiais e humanos para as/os profesionais da tradución e da interpretación.
- e) Proporcionar asesoramento legal, administrativo e de calquera outro tipo que as/os profesionais da tradución e da interpretación poidan precisar.

A AGPTI inclúe tres tipos de asociadas/os:

- a) Profesionais da tradución e interpretación que, polo tanto, estean dadas de alta no correspondente epígrafe da seguridade social ou ben traballen en empresas onde exerzan esta actividade profesional.
- b) Estudantes e licenciadas/os en Tradución e Interpretación.
- c) Persoas e institucións convidadas/os relacionadas con esta actividade profesional.

No presente documento a AGPTI pretende presentar a súa proposta de traballo para o ano 2008, período durante o que tentaremos dar continuidade ao traballo desenvolvido en anos anteriores e afondar en novas iniciativas para conseguir os nosos obxectivos.

2 ACTIVIDADES

Durante o presente ano, a AGPTI pretende continuar os esforzos comezados nos anos anteriores e afondar en novas iniciativas que melloren a situación das/os profesionais da tradución e da interpretación. De seguido damos conta destas actividades.

2.1 ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PROFESIÓN

2.1.1 VINCULACIÓN COA ATG

- Obxectivos:
 - a) Sumar esforzos nos campos coincidentes coa ATG.
 - b) Compartir experiencias e recursos entre as asociacións.

- Desenvolvemento:
 - a) Continuaranse os contactos coa ATG para avaliar os puntos de interacción potenciais entre as dúas asociacións. Entre outros temas intentarase buscar un lugar común para as dúas asociacións, a busca conxunta de financiamento, a posibilidade de realizar campañas de promoción conxuntas e compartir distintos recursos, cursos de formación etc.

- Resultados esperados:
 - a) Conseguir que as nosas campañas e accións teñan maior incidencia social.

2.1.2 VINCULACIÓN COA SOCIEDADE GALEGA DE TERMINOLOXÍA (SGaT)

- Obxectivos:
 - a) Sumar esforzos nos campos coincidentes coa SGaT.
 - b) Compartir experiencias e recursos entre as dúas asociacións.
 - c) Facilitar o acceso das/os tradutoras/es e intérpretes profesionais a recursos e información sobre terminoloxía en lingua galega.

- Desenvolvemento:
 - a) A AGPTI pretende seguir en contacto permanente coa SGaT co fin de realizar campañas e proxectos conxuntos, de compartir distintos recursos e actividades, de realizar cursos de formación para os dous colectivos, de desenvolver material ou publicacións conxuntas, etc.

- Resultados esperados:
 - a) Conseguir unha maior presenza de ambos os dous colectivos na sociedade e cultura galegas.
 - b) Desenvolver unha terminoloxía científica en lingua galega máis estable e realizada con criterios de máxima fiabilidade.
 - c) Ofrecer cursos de formación sobre temas comúns ás socias e socios de ambos os dous colectivos para lles axudar a mellorar a súa capacitación e o exercicio da súa actividade profesional.

2.1.3 VINCULACIÓN CO CONSELLO DA CULTURA DA LINGUA GALEGA

- Obxectivos:
 - a) Sumar esforzos nos campos coincidentes co Consello da Cultura.
 - b) Compartir experiencias e recursos entre ambas as dúas organizacións.
 - c) Facilitar o acceso das/os tradutoras/es e intérpretes profesionais a recursos e información dispoñibles no Consello da Cultura.
 - d) Facilitar o acceso de membros do Consello da Cultura á información e recursos dispoñibles e manexados pola AGPTI.

- Desenvolvemento:
 - a) Dada a relevancia e a prolífica actividade do Consello da Cultura en diversos sectores que afectan ou que se relacionan coa cultura galega, a AGPTI tentará establecer algún tipo de vinculación con esta organización para avaliar os puntos de interacción potenciais entre as dúas asociacións e fomentar a colaboración entre elas. Entre outros temas, intentarase analizar a posibilidade de realizar campañas e proxectos conxuntos, de compartir distintos recursos e actividades, de organizar conferencias de interese común, de desenvolver material ou publicacións conxuntas etc.

- Resultados esperados:
 - a) Crear uns lazos de colaboración estables entre as dúas entidades e os colectivos de traballadoras/es que representan.

2.1.4 PRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN ÁS AXENCIAS E INSTITUCIÓN

- **Obxectivos:**
 - a) Dar a coñecer a asociación ás axencias de tradución e interpretación e a outras institucións vinculadas ao mundo da tradución e da interpretación.
 - b) Conseguir que estas axencias e institucións entren a formar parte da asociación en calidade de socias.

- **Desenvolvemento:**
 - a) Seleccionar e contactar coas axencias e institucións pertinentes na procura de lazos comúns. Darase especial prioridade á Universidade de Vigo, pola vinculación co mundo académico que resulta fundamental para o noso labor, e á Secretaría Xeral de Política Lingüística, polo papel que esta xoga no uso e pulo da lingua galega na administración pública.

- **Resultados esperados:**
 - a) Conseguir unha grande representatividade de todos os sectores que se moven no mundo da tradución e da interpretación na asociación, de maneira que se poida chegar a un consenso en temas de políticas de promoción da profesión dentro da comunidade autónoma.
 - b) Conxuntar esforzos de todos os sectores implicados para que se cumpra coas condicións de traballo establecidas desde a AGPTI.

2.1.5 PRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN E OS ESTÁNDARES ENTRE O ALUMNADO E PROFESORADO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN

- Obxectivos:
 - a) Darlle a coñecer a asociación ao alumnado e profesorado da Facultade de Filoloxía e Tradución.
 - b) Conseguir que as/os futuras/os profesionais conten cunha base sólida de coñecementos sobre o mundo profesional antes de se integraren nel.

- Desenvolvemento:
 - a) Organizar unha xuntanza en colaboración coa Facultade de Filoloxía e Tradución cos dous sectores mencionados onde se presenten os *Estándares profesionais* e se dean outros parámetros prácticos sobre a profesión.

- Resultados esperados:
 - a) Conseguir un maior coñecemento por parte de profesorado e alumnado con respecto á situación profesional de tradutoras/es e intérpretes.

2.1.6 ESTUDO SOBRE A SITUACIÓN PROFESIONAL

- Obxectivos:
 - a) Revisar a situación profesional do colectivo que representa a asociación, as súas condicións laborais actuais, as tarifas de mercado habituais, etc.
 - b) Actualizar os datos que neste momento manexa a AGPTI (os publicados na súa páxina web) verbo das condicións laborais que afectan os seus membros.

- Desenvolvemento:
 - a) Elaboración dunha enquisa que se distribuirá entre todas/os as/os membros da AGPTI e que nos permita tirar datos fiables sobre o volume de tradución ao galego neste momento no mercado, as condicións en que se desenvolve este labor, as tarifas xeralmente aplicadas en Galicia, etc.

- Resultados esperados:
 - a) Ofrecerlles ás/aos socias/os da AGPTI información puntual e fidedigna sobre as condicións actuais do mercado en que desenvolven o seu labor.
 - b) Actualizar os *Estándares Profesionais* en vindeiras edicións.

2.2 ACTIVIDADES DE APOIO ÁS/ AOS ASOCIADAS/OS

2.2.1 CURSO DE VOZ PARA INTÉRPRETES

Curso destinado a profesionais da Interpretación. O obxectivo é proporcionarlle a este colectivo profesional unha serie de nocións básicas sobre modulación e proxección de voz, técnicas de respiración, etc. que lle permitan facer un uso máis razoable e controlado da súa voz, ferramenta indispensable para o exercicio da súa profesión.

O programa incluíría basicamente os seguintes puntos:

1. Respiración e apoio
2. Resoadores
3. Articulación
4. Proxección

Tentarase buscar unha aula en Santiago que reúna as características necesarias para o desenvolvemento do curso.

2.2.2 CURSO DE DEREITO PARA PREPARAR O EXAME DE TRADUCCIÓN/INTERPRETACIÓN XURADA

Curso destinado ás persoas que desexen presentarse ás probas de habilitación profesional para a tradución e interpretación xurada do galego para outras linguas e viceversa, no que se traballarán os contidos fundamentais da proba de Dereito. O curso será impartido por tres profesores: Xosé Ramón Mato Lodeiro, licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña e na actualidade responsable do departamento do Medio do concello de Redondela; Marta González Alonso, licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña e avogada en exercicio; e Beatriz Carballido Barciela, licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña, xerente e responsable de recursos humanos na empresa privada. Terá unha duración de 20 horas e impartirase na Facultade de

Filoxía e Tradución da Universidade de Vigo. Detállanse deseguido os obxectivos e o desenvolvemento do curso .

Obxectivos:

Abordar as nocións básicas do Dereito conforme o programa establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa.

Desenvolvemento do curso:

1ª sesión:

I. Institucións xurídicas básicas no Estado español

1. O ordenamento xurídico e a organización dos poderes do Estado
2. O xefe de Estado. A monarquía
3. Os órganos lexislativos e executivos do Estado
4. O Parlamento e o Goberno de Galicia
5. A organización territorial do Estado: Estado, comunidades autónomas e entidades locais
6. A organización da Administración pública
7. Principais institucións do Dereito propio da actividade da Administración

2º sesión:

II. Institucións xurídicas básicas no estado español

1. A organización xudicial. Estrutura
2. Principais institucións do dereito civil
3. Os documentos públicos e privados ou de lexislación galega

3ª sesión

III. Institucións xurídicas básicas no estado español

1. Principais institucións de dereito mercantil
2. Principais institucións de dereito laboral

IV. Lexislación sobre a lingua galega

4ª sesión

V. Institucións xurídicas básicas da comunidade internacional

VI. Institucións xurídicas básicas da Unión Europea

5ª sesión

Repaso dos temas que precisen resolución de dúbidas. Durante as catro sesións anteriores os relatores estarán atentos a aqueles aspectos que presenten maior dificultade para os alumnos. Esta sesión contará coa presenza de todos os relatores.

2.2.3 CURSO SOBRE INFORMÁTICA PRODUTIVA PARA PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN

Curso destinado a profesionais da tradución que pretende ofrecer consellos, instrucións e trucos útiles para axilizar o traballo de tradución e aforrar tempo aproveitando ao máximo os recursos que ofrece a Internet, Windows, Office e outras moitas ferramentas gratuítas e comerciais a disposición dos profesionais deste sector.

O curso impartirao Xosé Castro Roig, tradutor informático e audiovisual cunha dilatada experiencia docente, tanto con estudantes como con profesionais da tradución.

Programa:

I) PRIMEIRA PARTE:

Organización e simplificación do traballo diario.

1. Xestionar e acelerar a produción diaria. Aspectos profesionais.

1.a Pódense recibir mil e pico mensaxes electrónicas diarias e non se volver tolo?: Si, claro. Uso idóneo da Internet e do correo electrónico.

1.b Ergonomía, defectos adquiridos, saúde laboral. Como seguir vivindo desta profesión pasados os corenta.

1.c A imaxe profesional do tradutor e a súa visibilidade. Consellos para a captación de clientes e a busca cualitativa de traballo. Como crear unha imaxe empresarial sólida cun orzamento nimio.

1.d O tradutor-xestor: consellos sobre organización e seguimento de proxectos, facturación e administración. Como conseguir tempo libre para buscar máis proxectos ou clientes.

2. Windows: que oculta e que ofrece realmente Windows. Ducias de consellos, adaptacións, aceleración das tarefas, melloras xerais, recursos, trucos e suxestións.

3. MS Word, quer aliado, quer mal amigo: como domealo e facer que, por fin, traballe para nós. «Cousas raras que fai o teu Word e nunca te atreviches a preguntar.» Ducias de trucos e consellos para o uso diario, e configuración completa para o traballo de tradución.

II) SEGUNDA PARTE:

Internet intensivo, simplificación de tarefas e lista de programas indispensables (case todos gratuitos).

1. Internet Explorer en profundidade. Buscar e atopar axuda dentro e fóra do noso ordenador. Aproveitamento de glosarios e dicionarios

electrónicos.

2. Fontes documentais, fontes orais, buscas complexas e vías alternativas imaxinativas de investigación. Filtro de información e opinión na web. Conversión da Internet nunha enciclopedia feita á nosa medida.

3. Dúcias de programas e recursos web moi necesarios ou indispensables

(gratuítos a maioría) para o traballo diario, clasificados por temas.

Trucos e consellos sobre estes programas e os xa existentes.

3.a Tradución.

3.b Xestión e produción.

3.c Documentación.

4. Virus, vermes, contos, campañas, camelos, adware, spyware e outros perigos de seguridade. Firewalls, antivirus e parches de seguridade. Diagnose, detección e prevención.

5. Memorias de tradución. Vantaxes e consellos básicos sobre a súa adquisición e uso. «Non teño cartos para mercar un programa de memoria

de tradución, que fago?»

6. Posta en común de dúbidas e resolución de consultas técnicas.

2.2.4 CURSO DE TRADUCIÓN XURÍDICA FRANCÉS -ESPAÑOL

Proponse dar un curso especializado en tradución xurídica. Sería ideal contar con profesorado especializado en diversas combinacións lingüísticas, aínda que polo momento só temos contactos con expertos na combinación francés-español.

O programa, aínda sen precisar, tentaría incluír conceptos teóricos sobre ordenamentos xurídicos europeos e tradución de textos xurídicos en xeral e outra parte de aplicación máis práctica.

2.2.5 ORGANIZACIÓN DE CICLOS DE CONFERENCIAS DE INTERESE PARA O COLECTIVO PROFESIONAL QUE REPRESENTA A AGPTI

Á parte dos cursos de formación de 20-30 horas que a AGPTI adoita organizar con carácter anual, semella conveniente e interesante organizar outro tipo de actividades formativas máis precisas e a curto prazo, que esixen menos tempo de preparación e organización, así como menos recursos económicos, pero que resultan igual de produtivas en termos de información e aprendizaxe para as/os socias/os da asociación.

Proponse, xa que logo, buscar persoas de recoñecido prestixio e relevancia no mundo da tradución e a interpretación (ben académico ou profesional) ás que convidar a impartir conferencias concretas sobre algún aspecto específico do seu dominio. Para iso, sería interesante contar co apoio e colaboración doutros organismos galegos para os que estas conferencias poidan resultar igualmente relevantes (o Consello da Cultura, a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, a Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago, etc.).

As primeiras propostas con que contamos para a organización de conferencias no ano 2008 son as seguintes:

- Conferencia sobre a SGaT, que podería ser impartida por calquera dos seus membros e na que se lles explicarían ás/aos socias/os da AGPTI os obxectivos e funcións da SGaT, o seu calendario de actividades para o presente ano, a súa posible vinculación ou liña de actuación conxunta coa AGPTI etc.
- Conferencia impartida por un membro do Seminario de Lingüística Informática (SLI), grupo de investigación da Universidade de Vigo co que a AGPTI ten asinado un convenio de colaboración desde o ano 2004, onde se expoñería todo o relativo ao tradutor automático es-ga *OpenTrad apertium*, elaborado por este grupo de

investigación e de difusión gratuíta. Na conferencia poderíanse tratar tamén as posibles repercusións da difusión gratuíta deste tradutor automático para as/os tradutoras/es profesionais.

É posible que algunha destas conferencias (ou calquera outra que semelle conveniente) poida coincidir coa celebración do patrón e Día Mundial da Tradución (San Xerome, 30 de setembro).

2.2.6 BOLSAS PARA PROFESIONAIS

- Obxectivos:
 - a) Iniciar os trámites de creación de bolsas específicas para que as/os profesionais poidan mellorar as súas linguas de traballo ou especializarse.

- Desenvolvemento:
 - a) A AGPTI comezará neste ano os contactos con distintas organizacións co obxectivo de que estas creen este tipo de bolsas que consideramos tan necesarias para a formación permanente das/os profesionais. O obxectivo sería que as/os profesionais puidesen solicitar esas bolsas para cursos relacionados coa profesión, especialmente no estranxeiro.

- Resultados esperados:
 - a) Conseguir que as/os profesionais se equiparen a outros grupos de traballadoras/es que teñen a posibilidade de seguirse formando ao longo da súa carreira profesional.

2.2.7 MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB

- Obxectivos:
 - a) Manter unha plataforma de presenza visible e fácil contacto para a asociación.
 - b) Manter un lugar de intercambio e participación das/os asociadas/os na vida da asociación.
 - c) Manter un foro de discusión en lingua galega.

- Desenvolvemento:
 - a) Mantense unha páxina web que, ademais de presentar a asociación, tentará servir de punto de encontro onde atopar e discutir información e novas actualizadas sobre a profesión.
 - b) Un dos apartados fundamentais que se tentará desenvolver ao longo deste ano será o de Ligazóns, na actualidade baleiro e que está a ser elaborado por unha das socias da AGPTI, Sabela Cebro Barreiro. Tentarase ampliar tamén e manter o máis actualizada posible a sección Taboleiro.
 - c) Nesta páxina web contéplase a inclusión dunha bolsa de traballo para profesionais.

- Resultados esperados:
 - a) Conseguir que as/os profesionais conten cun lugar de intercambio na rede onde poidan ter acceso rápido a informacións de relevancia.
 - b) Conseguir unha clara presenza da asociación e unha forte repercusión social a través da internet.
 - c) Proporcionarlles ás/aos profesionais do sector en lingua galega todo tipo de información relevante na súa lingua de uso habitual.

2.2.8 CREACIÓN DUN CORREO DE DENUNCIA

- Obxectivos:
 - a) Dar saída a todas as situacións tanto de competencia desleal como de incumprimento de condicións laborais para as/os asociadas/os.

- Desenvolvemento:
 - a) Ademais do correo electrónico da asociación , preténdese crear un enderezo de denuncia, que aparecerá na páxina web, a través do cal as/os profesionais poderán dar a coñecer situacións de competencia desleal, irregularidades ou outro tipo de problemas que crean que a asociación debe tratar.
 - b) A asociación intentará dar saída a todas estas queixas con campañas ou accións concretas, remitindo as denuncias ao servizo de asesoramento xurídico ou á prensa ou outros medios , segundo sexa necesario.

- Resultados esperados:
 - a) Conseguir que as situacións de irregularidade do mercado poidan ser coñecidas e atalladas dunha maneira eficaz de sde a plataforma común que proporciona a asociación.

2.2.9 LABOR DE MEDIACIÓN PARA FACILITAR AS PRÁCTICAS DO ALUMNADO DE TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN

- Obxectivos:
 - a) Establecer unha colaboración estreita coa universidade para favorecer unha mellor formación das/os futuras/os profesionais.
 - b) Facilitar a integración de profesionais capacitadas/os no mercado laboral.

- Desenvolvemento:
 - b) A asociación tentará mediar entre a Universidade de Vigo e as axencias, editoriais e profesionais asociadas/os para que as/os alumnas/os de Tradución e Interpretación conten coa posibilidade de realizar prácticas durante a súa formación. En todo momento asegurárase que estes postos de prácticas non copen o lugar de profesionais xa en activo.

- Resultados esperados:
 - a) Conseguir que as axencias, profesionais e demais organismos acepten de bo grao a presenza de estudantes.
 - b) Conseguir unha mellora na formación das/os futuras/os profesionais.

2.2.10 PROPOSTA DE REFORMA DO DECRETO DE HABILITACIÓN DE TRADUTORAS/ES E INTÉRPRETES XURADAS/OS

Vistos os resultados negativos das dúas últimas convocatorias de probas para a habilitación de tradutoras/es e intérpretes xuradas/os desde o galego cara a outras linguas e viceversa, consonte o estipulado no Decreto 267/2002, do 13 de xuño, a AGPTI tentará establecer un diálogo fluído e frutífero cos organismos competentes na materia co obxectivo de emendar os contidos das devanditas probas e mellorar a formulación do decreto actual.

Tamén se darán os pasos necesarios para solicitar ante as instancias competentes a modificación da denominación do actual Rexistro de Tradutores e Intérpretes Xurados Habilitados, de xeito que esta siga criterios de uso dunha linguaxe non -sexista. Entendemos que a Lei galega para a igualdade de homes e mulleres así o estipula e que as institucións encargadas do devandito rexistro deben velar polo cumprimento desta lei.

Nos anexos 1 e 2 inclúense as instancias redactadas para solicitarlles aos órganos competentes a adopción de medidas verbo destes dous puntos.

3 CALENDARIO DE ACTIVIDADES

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Vinculación coa ATG	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Vinculación coa SGaT	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Vinculación co Consello da Cultura	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Presentación a axencias e institucións	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Presentación na Universidade de Vigo				*	*	*			*	*	*	
Estudo da situación profesional	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Curso de voz para intérpretes									*	*		
Curso Dereito probas trad./interp. xurada	*	*										
Curso Informática produtiva							*					
Curso tradución xurídica										*	*	*
Ciclos conferencias				*	*	*				*	*	*
Bolsas para profesionais	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Mantemento e actualización da web	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Creación dun correo de denuncia							*	*	*	*	*	*
Labor de mediación de prácticas	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Revisión probas habilitación trad. xurada							*	*	*	*	*	*

4 CONCLUSIÓNS

Sen dúbida este novo ano de traballo para a ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI) ha ser un ano cheo de desafíos e dificultades, mais tamén un ano cheo de ilusións. Neste documento pretendemos plasmalas todas dunha ma neira xenérica para poder despois levalas á práctica coa esperanza de mellorar as condicións de traballo dun grupo importante de profesionais que se moven dentro da comunidade galega e que só a través da unión na AGPTI poden chegar a ter a relevancia social que merecen.

Desde a Xunta Directiva temos postas as nosas esperanzas nesta grande ilusión que esperamos nos leve a superar os intereses individualistas polo ben común. Sabemos, claro está, que este labor non é en absoluto doado, pero aínda así esperamos contar co apoio doutras mulleres e homes tan comprometidas /os coma nós co seu traballo e cunha sociedade mellor para todas as persoas que a habitan.

5 ESTIMACIÓN ECONÓMICA PARA O AÑO 200 8

ESTIMACIÓN ECONÓMICA 2008

CONTRIBUCIÓN INICIAL

3484,96

INGRESOS AÑO 2008

ABOAMENTO RECIBOS	3000
ABOAMENTO CURSOS	2000

TOTAL INGRESOS 5000

GASTOS AÑO 2008

COMISIONS MANTEMENTO CONTA	13,5
COMISIONS POR EMISIONS RECIBOS	40
DEVOLUCIONS RECIBOS	200
CARGO POR XESTORIA (12 meses)	450
GASTOS PAPELARIA	300
COMISIONS POR TRANSFERENCIAS	10
GASTOS ORGANIZACION CURSOS	1600
CARGO VELOXIA NETWORK S.L.	43

TOTAL GASTOS 2656,5

ANEXO I

Larisa Santos Suárez, en calidade de presidenta da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI), con domicilio en Nebrixe 4A, Bribes, 15659 Cambre, e con CIF G15797327

EXPOÑO:

1. No ano 2002 creouse na Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia un rexistro oficial de persoas habilitadas para realizar traducións e interpretacións xuradas en diferentes combinacións lingüísticas de sde ou cara ao galego. O nome deste rexistro foi o de REXISTRO DE TRADUTORES E INTÉRPRETES XURADOS.

2. A Lei galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG do 3 de agosto de 2004) estipula no capítulo III. art. 18: "A Xunta de Galicia erradicará, en todas as formas de expresión oral ou escrita, o uso sexista da linguaxe no eido institucional, tanto fronte á cidadanía como nas comunicacións internas. Para estes efectos, informarase e formarase o persoal ao servizo das administracións públicas galegas. (...) Tamén procurará a erradicación do uso sexista da linguaxe na vida social e, para estes efectos, realizaranse campañas de sensibilización e divulgación pública".

3. A denominación do rexistro está redactada facendo uso dunha linguaxe sexista (neste caso, dun masculino xenérico).

4. En reiterados documentos públicos pódese comprobar que a partir desa data a Dirección Xeral de Política Lingüística incorreu reiteradamente nun incumprimento da antedita lei:

-Decreto de habilitación de tradutores e xurados (Decreto 267/2002, do 13 de xuño, DOG núm. 182, do 20 de setembro)

- Decreto do Rexistro de Tradutores e Intérpretes Xurados Habilitados

- Na convocatoria das probas de habilitación profesional para a tradución e interpretación xurada do galego para outras linguas e viceversa, aparece constantemente a alusión a tradutores e intérpretes xurados de galego

- Na carta que se lle enviou no mes de abril ás persoas que estaban rexistradas nesa base de datos para preguntarlles se querían facer públicos os seus datos de contacto ("Rexistro de Tradutores e/ou Intérpretes Xurados do galego para outras linguas e viceversa")

5. En cumprimento coa Lei galega para a igualdade, o nome do rexistro debería terse mudado tras a aprobación da lei en 2004. Se, como di a lei, "a Xunta de Galicia erradicará, en todas as formas de expresión oral ou escrita, o uso sexista da linguaxe no eido institucional, tanto fronte á cidadanía como nas comunicacións internas", fica claro que a Administración ten o deber de empregar as formas neutras, non as masculinas, e reflectir un uso non-sexista: Rexistro de Tradutoras/es e Intérpretes Xuradas/os, Rexistro de Profesionais da Tradución e Interpretación Xurada etc.

6. En conversa telefónica coa responsable do Servizo de Plans, Programas e Asesoramento Lingüístico, indicóusenos que era difícil cambiar o nome do rexistro porque era algo que "tiña que ir a Consello da Xunta".

7. Porén, constatamos que hai precedentes (algúns moi recentes) do cambio de denominación dun organismo ou entidade para CUMPRIR COA LEI DA IGUALDADE. Así, o Decreto 87/2008, do 17 de abril, polo que se aproba o cambio de denominación do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, que pasa a denominarse Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (DOG núm. 84, do 02/05/2008):

"A aprobación do cambio de denominación dun colexio profesional realizarase por medio de decreto do Consello da Xunta de Galicia. O cambio prodúcese pola necesidade de empregar unha linguaxe máis inclusiva e correcta na denominación do colexio profesional, atendendo ás indicacións de uso non -sexista da linguaxe e ás recomendacións da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, para corrixir as discriminacións e avanzar no camiño da igualdade."

Por isto, **SOLICITO**:

Que se tramite o cambio de nome do actual 'Rexistro de Tradutores e Intérpretes Xurados' seguindo criterios de linguaxe non -sexista que **NON INCUMPRAN A LEXISLACIÓN VIXENTE** NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, tal e como está a acontecer na actualidade.

A Coruña, 15 de maio de 2008

DONA MARÍA SOL LÓPEZ MARTÍNEZ, SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
CC: CARME ADÁN VILAMARÍN, SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE

ANEXO II

A Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI) desexa expresarlle a súa máis fonda preocupación respecto das probas de habilitación do Decreto 267/2002, do 13 de xuño de 2002, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e *viceversa*.

Esta Asociación considera:

Que o carácter novidoso desta modalidade de habilitación de tradutores e intérpretes xurados debe motivarnos dende o comezo para evitar os erros presentes noutros procedementos de habilitación no Estado.

O deseño das probas reguladas polo Decreto dá unha perspectiva deformada das capacidades requiridas para o exercicio da tradución e da interpretación xuradas, fragmenta a realidade capitalizando os esforzos dos candidatos en contidos de lingua e de dereito e non permite unha comprensión global da actividade de tradución e interpretación xuradas.

A tradución e a interpretación xuradas teñen unha gran relevancia no mercado e na sociedade actuais e esixen un alto grao de profesionalidade e responsabilidade por parte dos seus actores, polo que os criterios para a súa selección deberían ser considerados moi atentamente e axustados ao fin que se persegue. Dada a falta de pertinencia das probas escollidas córrese o risco de conceder habilitacións a persoas sen as competencias e coñecementos específicos para realizar traducións e interpretacións xuradas, co conseguinte prexuízo e desprestixio para o colectivo dos profesionais da tradución e da interpretación.

A AGPTI manifesta a súa desconformidade coas probas de habilitación baseándose nas seguintes observacións:

1. A proba de lingua galega

Non é admisible que unha persoa licenciada en Tradución e Interpretación cun itinerario en galego (que lle permite obter un recoñecemento de tradutora ou intérprete xurada nunha combinación lingüística determinada) ou en Filoloxía Galega teña que someterse a unha proba que valide eses mesmos coñecementos que xa foron aprobados.

2. A proba de dereito

Entre os obxectivos das probas do Decreto non se evoca a posibilidade de traducir calquera outro tipo de texto que non sexa un texto xurídico, administrativo ou económico, e a proba de dereito carga coa responsabilidade de "comprobar que os aspirantes ó certificar o posúen un coñecemento xeral do ordenamento xurídico, suficiente para traducir -los textos xurídicos".

Non se debe confundir a tradución xurídica coa tradución xurada, que non se limita a ningún eido de especialización. Dentro do conxunto das encargas de tradución xurada manéxase unha porcentaxe moi significativa de documentos que non son xurídicos, administrativos ou económicos como son os certificados médicos, os informes técnicos, as patentes, os informes de adopción internacional, os informes policiais ou de accidentes laborais etc. Tamén nas probas das modalidades da interpretación en Galicia observamos esta eiva.

A AGPTI considera que os obxectivos da proba de dereito non se corresponden cos dos procesos de tradución ou interpretación xurada, porque estes non se basean nunha serie de datos memorizables e limitados a unha soa lingua, senón nunha perspectiva máis aplicada e reflexiva que debe mediar entre dous sistemas en absoluto paralelos. O tradutor/intérprete debe desenvolver ao máximo a súa capacidade produtora para ofrecer un traballo con propostas que funcionan como vasos comunicantes, permitindo actuacións dun sistema a outro.

Dende o noso punto de vista, o programa de estudo no que se basea a proba de dereito inspírase directamente dos contidos da licenciatura de Dereito. A acumulación de conceptos non demostra a capacidade de mobilizar recursos para facer unha tradución ou unha interpretación xuradas e ofrecer textos aceptables que cumpran coas funcións propias da nosa profesión, polo que non cremos que os profesionais da tradución e da interpretación xuradas teñan que mobilizar permanentemente o largo cadro de conceptos contido nese temario.

Así pois, desde a AGPTI, manifestamos que a proba específica de dereito non se axusta en absoluto á práctica da tradución ou interpretación xurada, polo que recomendamos que se elimine.

3. Probas de tradución directa e inversa

Respecto destas probas queremos sinalar de novo que non se debe confundir a tradución xurídica coa tradución xurada, que polo tanto os textos non deben limitarse exclusivamente aos ámbitos xurídico, económico e administrativo, e que o obxectivo é demostrar a capacidade para producir un documento xurado a partir de calquera xénero textual. Entendemos que estas probas específicas de tradución e interpretación deberían servir para demostrar as competencias dos aspirantes para realizar traducións e interpretacións xuradas, coas características e peculiaridades que distinguen este tipo de traballos, independentemente do tema que se trate.

Por todo isto, a AGPTI solicita:

Que se revise a formulación actual das probas de tradución e interpretación xurada para adaptalas á práctica profesional real e poder así avaliar os aspirantes con criterios pertinentes.

A AGPTI, como asociación que representa ao colectivo de profesionais que coñecen a práctica da tradución e da interpretación xurada, ofrécese para prestar todo o apoio necesario co fin de acadar en futuras convocatorias unha formulación axeitada das probas.